



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas - A Barqueira 15569 Cerdido
Tlf. 981411000 Fax 981411027

www.cerdido.org / correo@cerdido.dicoruna.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA A DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DIA ONCE DE XULLO DE DOUS MIL ONCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás dezanove horas do serán do día once de xullo dous mil once, reúnese en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao, Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López, baixo a Presidencia de D^a Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa. Actúa de Secretaria Dona Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debate-los asuntos da orde do día:

1.-PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO. Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Ante a necesidade de establecer a periodicidade das sesións ordinarias do pleno, en cumprimento do disposto no artigo 38 e 78 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais e o artigo 210 da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia, esta alcaldía propón a adopción do seguinte **ACORDO: PRIMEIRO:** Establecer con carácter bimensual a periodicidade das sesións ordinarias do pleno do concello, sesións que se realizarán nos últimos quince días de cada mes par, agás no mes de decembro que se celebrará nos últimos vinte días do referido mes, polo que se celebraran plenos ordinarios os meses de febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro. Cerdido, 28 de xuño de 2011. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno asistentes, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior.** Cinco votos a favor dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao e o voto da Sra. Alcaldesa e catro abstencións dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro afirma que o seu grupo pensa que é necesario un pleno mensual porque hai asuntos para incluír e entende que son excesivos os quince días establecidos para fixar o día, solicitando un compromiso para comunicar polo menos con cinco días de antelación a convocatoria do pleno para poder preparar os asuntos, ademais anuncia que está aberto a consensuar o horario, ben pola mañá ou pola tarde.

2.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS. Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Ante a obrigatoriedade de creación da Comisión especial de contas e considerando as comisións de estudo, informe e consulta como órganos complementarios da organización municipal e de creación potestativa para os concellos de menos de cinco mil habitantes, e atendendo o disposto nos artigos 119 e seguintes do Regulamento de Organización e Réxime Xurídico das Entidades locais e os artigos 59,68 e 212 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte Acordo: **Primeiro: Crear a Comisión Especial de Contas,** o número dos seus membros será proporcional á representatividade no concello polo que a comisión estará composta por un número de cinco membros correspondéndolle tres compoñentes o grupo municipal do Partido Popular, un membro ó BNG, e un ó PSOE. A sesión ordinaria da comisión **terá carácter anual e reunirse os dez últimos días do mes de abril,** para o exame, o estudo e o informe da conta xeral do concello. Cerdido, 28 de xuño de 2011. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno asistentes, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior.** Cinco

votos a favor dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao e o voto da Sra. Alcaldesa e catro abstencións dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro pregunta a alcaldía sobre si non pode haber mais comisións informativas, ademais da de contas, así como si se pode realizar, polo menos dúas comisións de contas anuais.

A Alcaldesa, afirma que é complicado facer máis comisións de contas porque supón moito traballo para os funcionarios.

O Concelleiro D. Roberto O. López López, engade que existe unha diferenza entre a comisión de contas para informar a conta xeral e a existencia dunha reunión no que se informe sobre os gastos e ingresos que ten o Concello, así como das posibles subvencións que se poden recibir, senón se quere chamar comisión, pódese ter unha reunión máis informal cos grupos municipais para coñecer o día a día do concello, dado que esta información é máis útil que a información máis técnica que aparece na conta xeral.

A Alcaldesa afirma que xa se trae a este pleno un informe sobre morosidade e o pago das facturas.

3.- NOMEAR OS COMPOÑENTES DA MESA DE CONTRATACIÓN. Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Ante a necesidade de nomear os membros da mesa de contratación, cando o órgano competente sexa o Pleno e atendendo o disposto no artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía como órgano de contratación acorda: **Primeiro:** Nomear como compoñentes da mesa de contratación con carácter permanente cando o órgano de contratación sexa o Pleno a: Presidenta: D^a Ana Rodríguez Montero, suplente D. Juan José Ramos Prieto. Vocais: D. Juan José Ramos Prieto, suplente D Faustino Cebreiro Paz, D. José Esmoris Aldao suplente D^a María José López Lamigueiro, D. Benigno Galego Castro suplente D. Cándido Prieto Lago, D. Roberto O. López López e D^a Paula Díaz Tie, Secretaria – Interventora do Concello de Cerdido. Secretario: D. Daniel Rodríguez Fraguera suplente Cesar Yañez Carballeira, funcionarios do Concello de Cerdido. **Segundo:** Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dado o carácter permanente da mesa de contratación. Cerdido, 28 de xuño de 2011. **A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. Os membros do Pleno asistentes, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior.** Seis votos a favor dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao e Don Roberto O. López López o voto da Sra. Alcaldesa e tres abstencións dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña e Don Cándido Eusebio Prieto Lago.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro toma a palabra para comentar que o grupo do PP teña catro representantes e un representante o grupo do PSdeG – PSOE e o grupo de BNG.

A Alcaldesa puntualiza que o grupo do PP ten tres representantes.

4.- NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS. Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Logo da sesión de constitución do pleno do concello o pasado día once de xuño de 2011 cómpre nomear os representantes do concello nos órganos colexiados do que sexa competente o pleno do concello,

por todo isto esta alcaldía propón a adopción do presente ACORDO: **Primeiro:** Nomear como representante do concello no Consello Escolar do Colexio Público de Cerdido a D. Jose Esmoris Aldao suplente D^a Ana Rodríguez Montero. **Segundo:** Comunicar á dirección do Colexio Público de Cerdido a adopción deste acordo. Cerdido, 28 de xuño de 2011. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno asistentes, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior.** Seis votos a favor dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao e Don Roberto O. López López o voto da Sra. Alcaldesa e tres abstencións dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña e Don Cándido Eusebio Prieto Lago.

O Concelleiro D. Roberto O. López López comenta que si é o pleno o que debe nomear os representantes en outros órganos como a Asociación Costa Noroeste.

A **Alcaldesa** afirma que na Asociación Costa Noroeste é ela a representante.

5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA.

Pola Secretaria deuse lectura o Decreto da Alcaldía nº 130/2011 que se transcribe a continuación: Unha vez realizado o Pleno de Constitución da nova corporación elixida tras as eleccións municipais o día 22 de maio de 2011 e en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, (RXOFEL) RESOLVO: **PRIMEIRO.** Designar como Tenentes de Alcaldes do Concello de Cerdido aos seguintes Concelleiros: 1º Tenente Alcalde D. Juan José Ramos Prieto. 2º Tenente Alcalde D. Jose Esmoris Aldao. 3ª Tenente-Alcaldesa D^a María José López Lamigueiro. Aos Tenentes de Alcalde nomeados, logo da aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a tales, substituír á Alcaldesa na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a esta para o exercicio das súas atribucións. **SEGUNDO.** Delegar a favor do Tenente de Alcalde D. Juan José Ramos Prieto o labor específico de Concelleiro de Obras e Persoal, ó 2º Tenente alcalde D. José Esmoris Aldao como Concelleiro de Cultura, Educación e Deportes e 3º Tenente Alcaldesa D^a María José López Lamigueiro como Concelleira de Servizos Sociais. A presente delegación ten a consideración de delegación especial relativa a un determinado servizo e abarcará a dirección interna e a xestión dos servizos así como a facultade de xestionalos en xeral de conformidade o establecido no artigo 43.5 d) do ROFRXEL. **TERCEIRO.** Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación neste, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma da resolución polo **Alcalde**. **CUARTO.** Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre. **O membros do Pleno déronse por informados.**

A **Alcaldesa** afirma que non hai retribucións para os concelleiros delegados e que é difícil combinar esta responsabilidade co traballo, pero os concelleiros delegados aceptaron e asumen as súas obrigas.

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago, intervén para destacar que lle chama a atención o número de Tenentes Alcaldes.

6.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, INTEGRANTES E VOCEIROS.

Pola Secretaria deuse lectura os escritos presentados nos que se comunica a

constituición dos seguintes grupos municipais: Grupo Municipal do PSdeG - PSOE integrantes: Don Benigno Galego Castro como Portavoz e Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Álvaro Rodríguez Graña como suplente. Grupo Municipal do BNG, integrantes: Don Roberto-Óscar López López como portavoz. Grupo Municipal do Partido Popular, integrantes: Dona Ana Rodríguez Montero como portavoz, Don Juan Jose Ramos Prieto como suplente, Don José Esmoris Aldao, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz. **Os membros do Pleno déronse por enterados.**

7.- PROPOSTA DE DEDICACIÓN PARCIAL DA ALCALDÍA. Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Dada a necesaria presenza da alcaldía para atender as responsabilidades e tarefas propias do cargo e atendendo o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985 de bases de réxime local, o artigo 225 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e o artigo 13 do Real Decreto 1372/1986 de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais esta alcaldía propón ó pleno do concello a seguinte proposta: **Primeiro:** A retribución por dedicación parcial de 30 horas semanais do cargo da alcaldía ascenderán a un total de 1.649,44 € brutos mensual repartidos en catorce pagas anuais. Estas retribucións terán o seu incremento anual no mesmo porcentaxe que corresponda ós funcionarios deste Concello. **Segundo:** As retribucións percibidas serán incompatibles con calquera retribución con cargo ós presupostos das Administracións públicas e excluírá a percepción que se sinale para os membros da corporación por asistencias ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte agás os gastos de axudas de custo e indemnizacións e de gastos de viaxes. **Terceiro.** Na seguinte sesión do pleno será comunicada a aceptación expresa da dedicación pola persoa que ostenta o cargo. **Cuarto:** En cumprimento do disposto no artigo 75.5 o presente acordo deberá ser publicado no Taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P. Cerdido, 6 de xullo de 2011. Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno asistentes, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior suprimindo a palabra repartidos.** Seis votos a favor dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao e Don Roberto O. López López o voto da Sra. Alcaldesa e tres abstencións dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña e Don Cándido Eusebio Prieto Lago.

A Alcaldesa afirma que é a retribución que viña percibindo e que non existe variación respecto á do ano anterior.

O Concelleiro D. Roberto O. López López afirma que debe aclararse a redacción da proposta é suprimir a palabra repartidos, así mesmo engade que é coñecida a postura do seu grupo en relación a defensa da remuneración dos cargos políticos

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro afirma que todos os traballos teñen que ter unha remuneración e engade que non vai entrar no tema das trinta horas dado que algúns días será máis e outros menos, entende que o soldo hai que gañalo, que se deberá realizar un proxecto de cara ó futuro de Cerdido para que non siga perdendo habitantes.

8.-PROPOSTA PARA A APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE USO DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL DE CERDIDO. Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Tramitado o expediente para a aprobación dun Regulamento de uso das instalacións da piscina municipal de Cerdido e dada a necesidade de contar cun regulamento de réxime interno da piscina municipal esta alcaldía atendendo o disposto no artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 30 do Decreto 103/2005 do 6 de maio polo que se a regulamentación técnico sanitaria de piscinas de uso colectivo, propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente o Regulamento de uso das instalacións municipais nos termos que figura no anexo deste acordo. **SEGUNDO.** Someter dita Ordenanza municipal a información pública, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

ANEXO: REGULAMENTO DE USO DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL DE CERDIDO. A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a través do Decreto 103/2005, do 6 de maio polo que se establece a regulamentación técnico sanitaria de piscinas de uso colectivo, fixa con carácter obrigatorio, as normas que regulan o control sanitario das piscinas de uso colectivo situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A complexidade das instalacións e dos seus sistemas, a limitación dos seus aforos e os dispares usos das mesmas fai necesaria unha regulación do uso e funcionamento. Este Regulamento pretende ademais completar a normativa autonómica establecendo as condicións que deben respectar os usuarios das mesmas, coa fin tanto de garantir un bo uso das instalacións, que reverta no seu óptimo funcionamento, como de facilitar a convivencia nestes espazos que son compartidos a cotío por unha pluralidade de persoas.

CAPITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS. Artigo 1. Obxecto. Este Regulamento ten por obxecto ordenar o uso das instalacións da Piscina Municipal do Concello de Cerdido, con todos os seus distintos elementos, sexa xestionada polo concello directamente ou ben indirectamente por calquera das modalidades de xestión de servizos públicos previstas nas normas, e será de aplicación ás actividades que se desenvolvan nestes espazos. **Artigo 2. Servizo público.** As instalacións da Piscina Municipal teñen a condición de bens de dominio público, destinados á prestación dun servizo público municipal aos cidadáns, de acordo cos artigos 4 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño e 85 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Os veciños empadroados e residentes no termo municipal de Cerdido terán preferencia para o uso das instalacións municipais segundo o establecido neste regulamento. **Artigo 3. Finalidades do servizo público.** Son finalidades do servizo público que se presta na Piscina Municipal as seguintes: a)- Promover o acceso dos cidadáns, sen discriminacións ou límites de idade, á práctica de actividades acuáticas, como ocupación saudable do tempo de lecer. b)- Achegar a actividade acuática aos menores mediante os programas deportivos que se implanten. c)- Promover cursos de natación entre os diferentes sectores da poboación. d)- Fomentar e promover o exercicio físico mediante as actividades que se realicen nas instalacións das Piscina Municipal. **Artigo 4. Condicións hixiénico-sanitarias.** As condicións hixiénico-sanitarias das piscinas serán as establecidas no Decreto 103/2005, do 6 de maio, da Xunta de Galicia polo que se establece a regulamentación técnico sanitaria das piscinas de uso colectivo, ou polas normas que o modifiquen ou substitúan, así como polo resto da normativa estatal ou autonómica, segundo o réxime de distribución de competencias. **Artigo 5. Regulamento.** O presente regulamento de uso das instalacións da Piscina Municipal é público e para xeral coñecemento, polo que unha copia do mesmo se deberá atopar nun lugar visible das instalacións da Piscina.

CAPÍTULO II.- CARACTERÍSTICAS DAS INSTALACIÓNS. Artigo 6. Definición dos elementos das instalacións. As instalacións da Piscina Municipal de Cerdido están constituídas polos seguintes elementos principais: 1) **Elementos de uso privado:** Formado polas salas de máquinas, oficinas, zona de monitores e almacéns. Non son de acceso público, unicamente está permitida a entrada ao persoal de control, mantemento, limpeza e xestión da piscina. 2) **Elementos comúns:** Son os locais ou zonas de acceso público, está formado por: Vestíbulo de Acceso, Vestiarios e Praia. 3) **Piscinas.** Formadas polas piscinas propiamente ditas que son: Piscina e piscina pequena ou de iniciación. **Artigo 7. Elementos comúns de acceso público.** 1) Vestíbulo de acceso. Contén as barreiras e elementos de control que permiten o acceso ás instalacións da Piscina. 2) Vestiarios. Contén os servizos hixiénicos e colgadoiros que permiten mudarse para acceder ás instalacións. Están diferenciadas para homes e mulleres. 3) Praia. A praia é o espazo de libre anexo ó arredor das

piscinas que serve como de zona de relax. 4) Duchas. Zona previa os vasos e contén as duchas de uso obrigatorio antes de acceder o vaso. **Artigo 8. Descrición das piscinas.** O edificio da Piscina Municipal conta con dúas piscinas propiamente ditas. 1) Piscina grande (vaso grande). Trátase dunha piscina das seguintes características: Longo: 12,50 metros. Anchura: 6,25 metros. Profundidade: 1,10 ata 1,80 m. Tipo de auga: piscina de auga doce. Temperatura: comprendida entre 28°C e 30°C. 2) Piscina pequena. Vaso de chapoteo. Características: Medidas: Diámetro: 6,25 metros. Profundidade: 35 cm. Tipo de auga: piscina de auga doce. Temperatura: comprendida entre 28°C e 30°C. **Artigo 9.- Aforos das instalacións.** 1) Os aforos das piscinas, de acordo co Decreto 103/2005, do 6 de maio, da Xunta de Galicia polo que se establece a regulamentación técnico sanitaria das piscinas de uso colectivo, establécese en función da superficie de lámina de auga dos vasos que integren a piscina, de tal forma que nos momentos de máxima concorrencia cada bañista disporá polo menos de dous metros cadrados de lámina de auga para os vasos das piscinas descubertas e de tres metros cadrados nos vasos de piscinas cubertas. Piscina **descuberta / verán.** Piscina grande: 38 persoas. Piscina pequena: 12 persoas. Piscina **cuberta/ inverno.** O persoal encargado da piscina poderá autorizar a entrada ata un máximo de 50 persoas sempre que se lle advirta da existencia do número máximo de bañistas podendo acceder á praia pero non o vaso da piscina. Para os cursos de natación establece un aforo de 12 persoas por curso. **CAPÍTULO III.- ACCESO ÁS INSTALACIÓNS. Artigo 10. Acceso á piscina.** O acceso ás instalacións da Piscina Municipal farase polos seguintes medios: a)- Mediante a adquisición dunha entrada, en calquera das modalidades que se establezan. b)- Pola posesión do carné de abonado das instalacións, en calquera das súas modalidades sempre que estea actualizado e non teña o interesado pendente o pago das cotas establecidas. **Artigo 11. Abonados.** 1) A condición de abonado adquirese unha vez solicitada a inscrición como abonado da instalación mediante a correspondente folla de solicitude de ingreso e pagada a cota de matrícula correspondente. 2) O abonado ten dereito á utilización das instalacións que lle correspondan durante todo o horario de funcionamento establecido para o tipo de abono elixido. 3) A condición de abonado manterase mentres non sexa acordada a súa baixa por vontade do interesado ou ben por imposición dunha sanción, conforme o establecido nesta ordenanza. 4) O abonado queda obrigado a comunicar os cambios que se produzan nos seus datos persoais, que serviran de base para o recoñecemento daquela condición ou para a realización de xestións a ela ligadas. 5) Cando unha persoa desexa causar baixa como abonado, deberá comunicar esta circunstancia por escrito mediante un impreso de baixa voluntaria; este escrito presentarse antes do día 15 do mes anterior ao cal quere causar baixa. 6) O documento de abono será persoal e intransferible, e autoriza ao uso das instalacións elixidas durante o calendario e horarios de apertura ao público, polo que só poderá ser utilizado polo titular; o incumprimento desta obriga dará lugar ás consecuencias previstas neste regulamento. **Artigo 12. Exceso de demanda.** Cando a demanda de abonados supere a capacidade máxima prevista utilizaranse listaxes de espera para cubrir as baixas que se produzan coas persoas que nelas se atopen. a)- Os interesados inscribíranse na lista de espera. b)- Producida unha vacante na relación de abonados por renuncia, sanción ou por caducidade de aboamento, o persoal encargado da piscina, comunicará esta circunstancia á persoa á que lle correspondera a opción, para que a cubra a documentación necesaria. **Artigo 13. Acreditación persoal.** A utilización fraudulenta do abono dará lugar á imposición ao titular das sancións previstas neste regulamento. **Artigo 14. Pagamento.** 1.-O pagamento das cotas mensuais establecidas para o abono realizarase mediante autoliquidación e ingreso nas contas bancarias abertas polo Concello de Cerdido. 2.-Os abonados que non estean ao corrente do pago dos seus recibos, non poderán acceder ás instalacións e perderán aquela condición segundo o establecido neste regulamento. **CAPÍTULO IV.- NORMAS DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS. Sección 1ª.- Disposicións xerais. Artigo 15. Aceptación das normas.** O acceso ás instalacións municipais supón a aceptación polos usuarios das normas contidas neste regulamento e no resto da normativa de aplicación. **Artigo 16. Calendario e horario de apertura.** As instalacións da Piscina Municipal estarán abertas ao público os días e nos horarios que se aproben polo Concello e que se

deberán atopar nun lugar visible nas instalacións. **Artigo 17. Normas xerais.** As persoas que utilicen as instalacións deberán respectar as seguintes normas xerais: a)- Está prohibido fumar en todos os espazos das instalacións. b)- Prohíbese a utilización de teléfonos móbiles dentro das instalacións. c)- Non se poderá acceder ás instalacións con animais. d)- Para facilitar a convivencia de todos os usuarios, non se debe correr nin berrar nas zonas compartidas con outra xente. e) Para os efectos da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de Datos de carácter persoal, ao inscribirse na instalación autorízase a utilización dos datos persoais e o seu tratamento informático para a xestión da instalación e no seu caso, envío de información comercial inherente á xestión do centro. f) Prohíbese a captación, reprodución ou publicación por fotografía, filme ou calquera outro procedemento, da imaxe dunha persoa en lugares ou momentos da súa vida privada ou fora deles, salvo os casos previstos no artigo oitavo dous da Lei orgánica 1/1982 de protección civil o Honor e a Intimidade persoal e familiar e a propia imaxe. **Artigo 18. Comportamento persoal.** As persoas que utilicen as instalacións da Piscina Municipal de Cerdido deberán amosar un comportamento correcto e respectuoso para o resto das persoas coas que as compartan e cara ás instalacións e os bens que nelas se atoparan, así como manter estas nas axeitadas condicións de limpeza tralo seu uso. Os usuarios están obrigados a seguir as instrucións dos socorristas en canto ao uso dos vasos, que segundo o nivel e ritmo de nado estarán distribuídos en rápidos e lentos. **Artigo 19. Follas de reclamación.** Nas instalacións da Piscina Municipal de Cerdido existirán follas de reclamación a disposición das persoas que as utilicen, segundo o establecido na normativa sobre consumo. **Artigo 20. Queixas e suxestións.** Os usuarios disporán dun buzón onde poder dirixir as súas queixas ou suxestións sobre o funcionamento do servizo; para esta finalidade existirá nas instalacións un espazo especialmente destinado a recoller as suxestións, que estará en lugar visible e accesible. Así mesmo deberase informar nun lugar visible aos interesados da existencia deste buzón e da posibilidade de presentar nel as súas queixas ou suxestións. **Artigo 21. Obxectos perdidos.** O Concello de Cerdido ou a empresa adxudicataria do servizo non se farán responsables dos obxectos perdidos, abandonados, ou subtraídos nas instalacións. **Artigo 22. Acompañantes.** Os acompañantes non poderán acceder aos vestiarios e zona de praia na piscina. **Sección 2ª.- Normas de utilización dos vestiarios. Artigo 23. Utilización.** Os usuarios respectarán e utilizarán de forma correcta os vestiarios de forma que se manteñan en correctas condicións hixiénicas de utilización. **Artigo 24. Calzado en vestiarios.** É obrigatorio o uso de chancletas para se duchar e circular polos vestiarios. **Artigo 25. Accións hixiénicas.** Está prohibido realizar accións hixiénicas como afeitarse, depilarse ou tinguirse dentro dos vestiarios. **Artigo 26. Lixo.** O lixo deberase deixar nos recipientes destinados para os efectos. **Artigo 27. Nenos e nenas.** Os nenos e nenas maiores de 7 anos deberán utilizar unicamente o vestiario que lles corresponda. **Sección 3ª.- Normas de utilización da praia. Artigo 28. Condicións de uso da praia.** 1.-A praia e unha zona reservada aos bañistas. 2.-Agás dos monitores, operarios de mantemento e bañistas, ninguén pode acceder a ela. 3.- Para o acceso dos bañistas ás zonas de praia é obrigatorio o uso de bañador e de zapatillas de auga. Os nenos que usen cueiros, deberán usar cueiros especiais para o baño. 4.- Para evitar riscos sanitarios, está prohibida a entrada na zona de praia, daquelas persoas que padezan enfermidades cutáneas ou doutro tipo que pola súa natureza se podan contaxiar a través da auga. **Artigo 29. Usos prohibidos na praia.** 1.- Prohíbese a entrada vestido e con calzado da rúa. 2.- Prohíbese comer e beber. 3.- Prohíbese alborotar ou falar en voz elevada. **Sección 4ª.- Normas de utilización das piscina. Artigo 30. Vestimenta.** É obrigatorio o uso de bañador os nenos que usen cueiros, deben empregar cueiros especiais de piscina ou similar, gorros de baño e, por motivos hixiénicos, aconséllase o uso de zapatillas de auga. **Artigo 31. Condicións do baño.** 1.- O número máximo de usuarios nos vasos, está limitado polo aforo máximo indicado no presente regulamento. 2.- É obrigatorio ducharse antes da inmersión na auga dos vasos. 3.- No horario de baño libre, os/as nenos/as deben ir acompañados por un adulto. 4.- Non está permitido o emprego de colchonetas, frotadores, gafas de cristal, ou calquera elemento que a xuízo dos responsables da seguridade do vaso poidan supoñer algún risco para o resto de usuarios. 5.- Cada usuario debe respectar a situación indicada polo socorrista,

determinada segundo o seu nivel. **Artigo 32. Usos prohibidos nas piscinas.** 1.- Prohíbese entrar no vaso con maquillaxe, cremas ou apósitos de ningún tipo. 2.- Prohíbese mexar, cuspir ou soarse na piscina. 3.- Prohíbese saltar á auga de cabeza, agás nos cursos que se organizan e con autorización do socorrista. 4.- Prohíbese sentarse nas corcheiras. **CAPITULO V.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.** **Artigo 33.- Faltas leves.** Consideraranse faltas leves as seguintes condutas: a) A desobediencia das instrucións e advertencias que o persoal das instalacións determine co fin de cumprir este regulamento ou as normas sobre utilización das piscinas de uso colectivo, en especial aos artigos referentes ao comportamento dos usuarios e a utilización das instalacións. b) As accións que causen desperfectos nas instalacións ou equipamento. **Artigo 34.- Faltas graves.** Consideraranse faltas graves as seguintes condutas: a) A falta de respecto cara os traballadores das instalacións ou demais usuarios. b) As accións ou omisións que impliquen deterioro grave das instalacións ou equipamento. c) A subtracción de obxectos situados nas instalacións. d) O uso fraudulento de documentos para o acceso ás instalacións ou a cesión destes documentos a terceiros non autorizados. e) A reiteración de faltas leves. **Artigo 35.- Faltas moi graves.** Consideraranse faltas moi graves: a) As accións que prexudiquen gravemente ou supoñan riscos para a saúde dos usuarios ou traballadores da instalación. b) As accións que impliquen un deterioro moi grave ou irreversible nos equipamentos da instalación. c) A reiteración de faltas graves. **Artigo 36.- Sancións.** As faltas leves serán sancionadas con multa de 6,00 € a 60,00 €. Estas sancións será impostas por acordo da Alcaldía. As faltas graves serán sancionadas con multa de 60,01 € a 150 €. Estas sancións serán impostas pola Alcaldía, despois da audiencia ao usuario. As faltas moi graves serán sancionadas coa expulsión das instalacións por un período máximo de un ano, perdendo, no seu caso, a condición de abonado. A comisión dunha infracción poderá dar lugar á expulsión inmediata do recinto, coa posterior perda, no seu caso, da condición de abonado ou participante nos cursos ou actividades que se realicen. **Artigo 37.- Outras responsabilidades.** As sancións impostas en cumprimento deste regulamento son independentes das responsabilidades civís, penais ou de calquera orde en que puideran incorrer os autores de danos aos bens ou ás instalacións. O autor de danos, roturas ou desperfectos dos elementos das instalacións deportivas deberá aboar o importe que corresponda á súa reparación ou substitución, con independencia das sancións administrativas que se impoñan.

Disposición final. Este regulamento entrará en vigor trala publicación íntegra do seu texto no Boletín oficial da provincia de A Coruña, conforme o establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Cerdido, 29 de xuño de 2011. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno asistentes, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior.** Seis votos a favor dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao e Don Roberto O. López López e o voto da Sra. Alcaldesa e tres abstencións dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña e Don Cándido Eusebio Prieto Lago. **Aprobaron a proposta coas emendas propostas polo Concelleiro D. Benigno Galego Castro e D. Roberto O. López López agás a modificación do artigo 21, polo que queda redactado do seguinte xeito:**

REGULAMENTO DE USO DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL DE CERDIDO. A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a través do Decreto 103/2005, do 6 de maio polo que se establece a regulamentación técnico sanitaria de piscinas de uso colectivo, fixa con carácter obrigatorio, as normas que regulan o control sanitario das piscinas de uso colectivo situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A complexidade das instalacións e dos seus sistemas, a limitación dos seus aforos e os dispares usos das mesmas fai necesaria unha regulación do uso e funcionamento. Este Regulamento pretende ademais completar a normativa autonómica establecendo as condicións que deben respectar os usuarios das mesmas, coa fin tanto de garantir un bo uso das instalacións, que reverta no seu óptimo funcionamento, como de facilitar a convivencia nestes espazos que son compartidos a cotío por unha pluralidade de persoas. **CAPITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS. Artigo 1. Obxecto.** Este Regulamento

ten por obxecto ordenar o uso das instalacións da Piscina Municipal do Concello de Cerdido, con todos os seus distintos elementos, sexa xestionada polo concello directamente ou ben indirectamente por calquera das modalidades de xestión de servizos públicos previstas na Lei 7/1985 de bases de réxime local, e será de aplicación ás actividades que se desenvolvan nestes espazos. **Artigo 2. Servizo público.** As instalacións da Piscina Municipal teñen a condición de bens de dominio público, destinados á prestación dun servizo público municipal aos cidadáns, de acordo cos artigos 4 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño e 85 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Os veciños empadroados e residentes no termo municipal de Cerdido terán preferencia para o uso das instalacións municipais no inicio dos cursos e preferencia nas listas de espera. **Artigo 3. Finalidades do servizo público.** Son finalidades do servizo público que se presta na Piscina Municipal as seguintes:a)- Promover o acceso dos cidadáns, sen discriminacións ou límites de idade, á práctica de actividades acuáticas, como ocupación saudable do tempo de lecer. b)- Achegar a actividade acuática aos menores mediante os programas deportivos que se implanten. c)- Promover cursos de natación entre os diferentes sectores da poboación. d)- Fomentar e promover o exercicio físico mediante as actividades que se realicen nas instalacións das Piscina Municipal. **Artigo 4. Condicións hixiénico-sanitarias.** As condicións hixiénico-sanitarias das piscinas serán as establecidas no Decreto 103/2005, do 6 de maio, da Xunta de Galicia polo que se establece a regulamentación técnico sanitaria das piscinas de uso colectivo, ou polas normas que o modifiquen ou substitúan, así como polo resto da normativa estatal ou autonómica, segundo o réxime de distribución de competencias. **Artigo 5. Regulamento.** O presente regulamento de uso das instalacións da Piscina Municipal é público e para xeral coñecemento, polo que unha copia do mesmo se deberá atopar nun lugar visible das instalacións da Piscina. **CAPÍTULO II.- CARACTERÍSTICAS DAS INSTALACIÓNS.** **Artigo 6. Definición dos elementos das instalacións.** As instalacións da Piscina Municipal de Cerdido están constituídas polos seguintes elementos principais: **1)Elementos de uso privado:** Formado polas salas de máquinas, oficinas, zona de monitores e almacéns. Non son de acceso público, unicamente está permitida entrada ao mesmos, ó persoal de control, mantemento, limpeza e xestión da piscina. **2)Elementos comúns:** Son os locais ou zonas de acceso público, está formados por: Vestíbulo de Acceso, Vestiarios, duchas e Praia. **3)Piscinas.** Formadas polas piscinas propiamente ditas que son: Piscina e piscina pequena ou de iniciación. **Artigo 7. Elementos comúns de acceso público.** 1) Vestíbulo de acceso. Contén as barreiras e elementos de control que permiten o acceso ás instalacións da Piscina. 2) Vestiarios. Contén os servizos hixiénicos e colgadoiros que permiten mudarse para acceder ás instalacións. Están diferenciadas para homes e mulleres. 3) Praia. A praia é o espazo libre anexo e arredor das piscinas que serve como de zona de relax. 4) Duchas. Zona previa os vasos e contén as duchas de uso obrigatorio antes de acceder o vaso. **Artigo 8. Descrición das piscinas.** O edificio da Piscina Municipal conta con dúas piscinas propiamente ditas. 1)Piscina grande (vaso grande). Trátase dunha piscina das seguintes características:Longo: 12,50 metros. Anchura: 6,25metros. Profundidade: 1,10 ata 1,80 m. Tipo de auga: piscina de auga doce. Temperatura: comprendida entre 28 °C e 30 °C. 2) Piscina pequena ou de iniciación. Características: Medidas: Diámetro: 6,25. Profundidade: 35 cm. Tipo de auga: piscina de auga doce. Temperatura: comprendida entre 28 °C e 30 °C. **Artigo 9.- Aforos das instalacións.** 1)Os aforos das piscinas, de acordo co Decreto 103/2005, do 6 de maio, da Xunta de Galicia polo que se establece a regulamentación técnico sanitaria das piscinas de uso colectivo, establécese en función da superficie de lámina de auga dos vasos que integren a piscina, de tal forma que nos momentos de máxima concorrencia cada bañista disporá polo menos de dous metros cadrados de lámina de auga para os vasos das piscinas descubertas e de tres metros cadrados nos vasos de piscinas cubertas. Piscina descuberta. Piscina grande:.39 persoas. Piscina pequena: 15 persoas. Piscina cuberta. Piscina grande: 26 persoas e piscina pequena 10 persoas. 2) O Persoal encargado da piscina poderá autorizar a entrada ata un máximo de 50 persoas sempre que se lle advirta da existencia do número máximo de bañistas podendo acceder a praia pero non o vaso da piscina. Para os cursos de natación establécese un aforo de: 12 persoas por curso.

CAPÍTULO III.- ACCESO ÁS INSTALACIÓNS. Artigo 10. Acceso á piscina. O acceso ás instalacións da Piscina Municipal farase polos seguintes medios: a)- Mediante a adquisición dunha entrada, en calquera das modalidades que se establezan. b)- Pola posesión do carné de abonado das instalacións, en calquera das súas modalidades sempre que estea actualizado e non teña o interesado pendente o pago das cotas establecidas. **Artigo 11. Abonados.** 1) A condición de abonado adquirese unha vez solicitada a inscrición como abonado da instalación mediante a correspondente folla de solicitude de ingreso e pagada a cota de matrícula correspondente. 2) O abonado ten dereito á utilización das instalacións que lle correspondan durante todo o horario de funcionamento establecido para o tipo de abono elixido. 3) A condición de abonado manterase mentres non sexa acordada a súa baixa por vontade do interesado ou ben por imposición dunha sanción, conforme o establecido nesta ordenanza. 4) O abonado queda obrigado a comunicar os cambios que se produzan nos seus datos persoais, que serviran de base para o recoñecemento daquela condición ou para a realización de xestións a ela ligadas. 5) Cando unha persoa desexe causar baixa como abonado, deberá comunicar esta circunstancia por escrito mediante un impreso de baixa voluntaria; este escrito presentarse antes do día 15 do mes anterior ao cal quere causar baixa. 6) O documento de abono será persoal e intransferible, e autoriza ao uso das instalacións elixidas durante o calendario e horarios de apertura ao público, polo que só poderá ser utilizado polo titular; o incumprimento desta obriga dará lugar ás consecuencias previstas neste regulamento. **Artigo 12. Exceso de demanda.** Cando a demanda de abonados supere a capacidade máxima prevista utilizaranse listaxes de espera para cubrir as baixas que se produzan coas persoas que nelas se atopen. a)- Os interesados inscribíranse na lista de espera. b)- Producida unha vacante na relación de abonados por renuncia, sanción ou por caducidade de aboamento, o persoal encargado da piscina, comunicará esta circunstancia á persoa á que lle correspondera a opción, para que a cubra a documentación necesaria. **Artigo 13. Acreditación persoal.** A utilización fraudulenta do abono dará lugar á imposición ao titular das sancións previstas neste regulamento. **Artigo 14. Pagamento.** 1.- O pagamento das cotas mensuais establecidas para o abono realizarase mediante autoliquidación e ingreso nas contas bancarias abertas polo Concello de Cerdido. 2.- Os abonados que non estean ao corrente do pago dos seus recibos, non poderán acceder ás instalacións e perderán aquela condición segundo o establecido neste regulamento. **CAPITULO IV.- NORMAS DE UTILIZACIÓN DAS PISCINAS. Sección 1ª.- Disposicións xerais. Artigo 15. Aceptación das normas.** O acceso ás instalacións municipais supón a aceptación polos usuarios das normas contidas neste regulamento e no resto da normativa de aplicación. **Artigo 16. Calendario e horario de apertura.** As instalacións da Piscina Municipal estarán abertas ao público os días e nos horarios que se aproben polo Concello e que se deberán atopar nun lugar visible nas instalacións. **Artigo 17. Normas xerais.** As persoas que utilicen as instalacións deberán respectar as seguintes normas xerais: a)- Está prohibido fumar en todos os espazos das instalacións. b)- Prohíbese a utilización de teléfonos móbiles dentro das instalacións. c)- Non se poderá acceder ás instalacións con animais agás con cans guía. d)- Para facilitar a convivencia de todos os usuarios, non se debe correr nin berrar nas zonas compartidas con outra xente. e) Para os efectos da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter oficial, ao inscribirse na instalación autorízase a utilización dos datos persoais e o seu tratamento informático para a xestión da instalación e no seu caso, envío de información comercial inherente á xestión do centro. f) Prohíbese a captación, reprodución ou publicación por fotografía, filme ou calquera outro procedemento, da imaxe dunha persoa en lugares ou momentos da súa vida privada ou fora deles, salvo os casos previstos no artigo oitavo dous da Lei orgánica 1/1982 de Protección Civil e Honor e a Intimidade persoal e familiar e a propia imaxe. **Artigo 18. Comportamento persoal.** As persoas que utilicen as instalacións da Piscina Municipal de Cerdido deberán amosar un comportamento correcto e respectuoso para o resto das persoas coas que as compartan e cara ás instalacións e os bens que nelas se atoparan, así como manter estas nas axeitadas condicións de limpeza tralo seu uso. Os usuarios están obrigados a seguir as instrucións dos socorristas en canto ao uso dos vasos, que segundo o nivel e ritmo de nado estarán distribuídos en rápidos e lentos. As

ordes dadas polo Socorrista son de inmediato cumprimento. **Artigo 19. Follas de reclamación.** Nas instalacións da Piscina Municipal de Cerdido existirán follas de reclamación a disposición das persoas que as utilicen, segundo o establecido na normativa sobre consumo. **Artigo 20. Queixas e suxestións.** Os usuarios disporán dun buzón onde poder dirixir as súas queixas ou suxestións sobre o funcionamento do servizo, que estará en lugar visible e accesible. Así mesmo deberase informar nun lugar visible aos interesados da existencia deste buzón e da posibilidade de presentar nel as súas queixas ou suxestións. **Artigo 21. Obxectos perdidos.** O Concello de Cerdido ou a empresa adxudicataria do servizo non se farán responsables dos obxectos perdidos, abandonados ou subtraídos nas instalacións. **Artigo 22. Acompañantes.** Os acompañantes non poderán acceder aos vestiarios e zona de praia na piscina. **Sección 2ª.- Normas de utilización dos vestiarios. Artigo 23. Utilización.** Os usuarios respectarán e utilizarán de forma correcta os vestiarios de forma que se manteñan en correctas condicións hixiénicas e de conservación. **Artigo 24. Calzado en vestiarios.** É obrigatorio o uso de chancletas para se duchar e circular polos vestiarios. **Artigo 25. Accións hixiénicas.** Está prohibido realizar accións hixiénicas como afeitarse, depilarse ou tinguirse dentro dos vestiarios. **Artigo 26. Lixo.** O lixo deberase deixar nos recipientes destinados para os efectos. **Artigo 27. Nenos e nenas.** Os nenos e nenas maiores de 7 anos deberán utilizar unicamente o vestiario que lles corresponda segundo o seu sexo. **Sección 3ª.- Normas de utilización da praia. Artigo 28. Condicións de uso da praia.** 1.- A praia e unha zona reservada aos bañistas. 2.- Agás dos monitores, operarios de mantemento e bañistas, ninguén pode acceder a ela. 3.- Para o acceso dos bañistas ás zonas de praia é obrigatorio o uso de bañador e zapatillas. 4.- Os nenos que usen cueiros, deberán usar cueiros especiais para o baño. 5.- Para evitar riscos sanitarios, está prohibida a entrada na zona de praia, daquelas persoas que padezan enfermidades cutáneas ou doutro tipo que pola súa natureza se podan contaxiar a través da auga. **Artigo 29. Usos prohibidos na praia.** 1.- Prohíbese a entrada vestido e con calzado da rúa. 2.- Prohíbese comer e beber. 3.- Prohíbese alborotar ou falar en voz elevada. **Sección 4ª.- Normas de utilización das piscinas. Artigo 30. Vestimenta.** É obrigatorio o uso de bañador. Os nenos que usen cueiros, deben empregar cueiros especiais de piscina ou similar, gorros de baño e, por motivos hixiénicos, aconséllase o uso de zapatillas de auga. **Artigo 31. Condicións do baño.** 1.- O número máximo de usuarios nos vasos, está limitado polo aforo máximo indicado no presente regulamento. 2.- É obrigatorio ducharse antes da inmersión na auga dos vasos. 3.- No horario de baño libre, os/as nenos/as ata dez anos deben ir acompañados por un adulto. 4.- Non está permitido o emprego de colchonetas, frotadores, gafas de cristal, ou calquera elemento que a xuízo dos responsables da seguridade do vaso poidan supoñer algún risco para o resto de usuarios. 5.- Cada usuario debe respectar a situación indicada polo socorrista, determinada segundo o seu nivel. 6.- Os usuarios, que non saiban nadar, deberán comunicalo o socorrista cada vez que accedan as instalacións. **Artigo 32. Usos prohibidos nas piscinas.** 1.- Prohíbese entrar no vaso con maquillaxe, cremas ou apósitos de ningún tipo. 2.- Prohíbese mexar, cuspir ou soarse na piscina. 3.- Prohíbese saltar á auga de cabeza, agás nos cursos que se organizan e con autorización do socorrista. 4.- Prohíbese sentarse nas corcheiras. **CAPITULO V.- INFRACCIÓN E SANCIÓN. Artigo 33.- Faltas leves.** Consideraranse faltas leves as seguintes condutas: a) A desobediencia das instrucións e advertencias que o persoal das instalacións determine co fin de cumprir este regulamento e as normas sobre utilización das piscinas de uso colectivo, en especial aos artigos referentes ao comportamento dos usuarios e a utilización das instalacións. **Artigo 34.- Faltas graves.** Consideraranse faltas graves as seguintes condutas: a) A falta de respecto cara ós traballadores das instalacións ou demais usuarios. b) As accións ou omisións que impliquen deterioro grave das instalacións ou equipamento. c) A subtracción de obxectos situados nas instalacións. d) O uso fraudulento de documentos para o acceso ás instalacións ou a cesión destes documentos a terceiros non autorizados. e) A reiteración de faltas leves. f) As accións que causen desperfectos nas instalacións ou equipamento. **Artigo 35.- Faltas moi graves.** Consideraranse faltas moi graves: a) As accións que prexudiquen gravemente ou supoñan riscos para a saúde dos usuarios ou traballadores da instalación. b) As accións ou omisións que impliquen un deterioro moi grave ou

irreversible nos equipamentos da instalación. c) A reiteración de faltas graves. **Artigo 36.- Sancións.** As faltas leves serán sancionadas con multa de 6,00 € a 60,00 €. Estas sancións serán impostas por acordo da Alcaldía. As faltas graves serán sancionadas con multa de 60,01 € a 150 €. Estas sancións serán impostas pola Alcaldía, despois da audiencia ao usuario. As faltas moi graves serán sancionadas con multa de 150,01 € ata 3000,00 € e con un período variable de expulsión das instalacións ata a expulsión definitiva, perdendo, no seu caso, a condición de abonado. A comisión dunha infracción poderá dar lugar á expulsión inmediata do recinto, coa posterior perda, no seu caso, da condición de abonado ou participante nos cursos ou actividades que se realicen. **Artigo 37.- Outras responsabilidades.** As sancións impostas en cumprimento deste regulamento son independentes das responsabilidades civís, penais ou de calquera orde en que puideran incorrer os autores de danos aos bens ou ás instalacións. O autor de danos, roturas ou desperfectos dos elementos das instalacións deportivas deberá aboar o importe que corresponda á súa reparación ou substitución, con independencia das sancións administrativas que se impoñan. **Disposición final.** Este regulamento entrará en vigor trala publicación íntegra do seu texto no Boletín oficial da provincia de A Coruña, conforme o establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Cerdido, 29 de xuño de 2011. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro afirma que na proposta se fala dunha norma de 2005 e pregunta si antes non había normas na piscina, ademais pregunta a alcaldía se vai a cubrir e como os obxectivos previsto no punto terceiro do regulamento e sinala que cree necesario establecer unha sanción na tipificación das faltas moi graves, dado que unicamente levan aparelhada sanción as faltas leves e graves, ademais engade que e necesario regular como e de que xeito van a ter preferencia os veciños de Cerdido no uso da Piscina. E se ten pensado realizar cursos de rehabilitación con persoal competente.

A Alcaldesa afirma que había unha normas internas que están na piscina e cree que os obxectivos que veñen na ordenanza é o que se esta realizando, facendo cursos cos nenos e se algunha persoa maior adocece dalgún eiva o socorrista lle explica como debe facer.

O concelleiro D. Cándido Prieto Lago, pregunta sobre quen vai facer cumprir estas normas.

A Alcaldesa afirma que será o socorrista dentro da piscina e o persoal da porta.

O Concelleiro D. Roberto O. López López afirma que o Regulamento adocece de defectos de redacción que pasa a enumerar, así indica que no artigo primeiro se debería indicar as normas o que fai referencia, no artigo 6 debería incluír no punto dous como elementos comúns as duchas, entende que non se debería poñer o concepto de praia porque da lugar a confusións, ademais afirma que debería eliminar no artigo 8 a denominación de vaso de Chapoteo para a piscina pequena, entende ademais que a denominación da piscina coma cuberta e descuberta é suficiente non debendo definilas polas estacións de verán e inverno, dado que en verán pode estar cuberta e en inverno pode estar descuberta e entende que se debe especificar o aforo da piscina cando esta cuberta. No capítulo IV, entende que melloraría a compresión se si titulase: Normas de utilización da Piscina e entende que na prohibición de entrada de animais debería exceptuar a entrada de cans guías. No artigo 18 debería recalcarse que as ordes dadas polo socorrista serán de inmediato cumprimento. No artigo 20 mellorárase a redacción, suprimindo a segunda liña, dado que é repetitivo, en canto o artigo 21 relativo os obxectos perdidos entende que o Concello é responsable dos furtos que existan na piscina e que se debería recoller un procedemento para que as persoas amosen o contido da bolsa e declaren na entrada os obxectos de valor que teñan, facendo unicamente responsable ó Concello dos obxectos dun determinado valor, por exemplo 60 euros, debéndose instalar unhas taquillas con chave e carteis prohibindo a entrada de obxectos de valor,

en canto os obxectos perdidos ou abandonados deberíase regular canto tempo estarán á disposición do concello e que se fará con eles se non aparece o dono. Engade que hai que corrixir a sección 3ª que debe ser a 2ª e establecer no contido do artigo 23 ó final o inciso de conservación, así mesmo determinar no artigo 27 que os vestiarios que lle corresponda, engadindo segundo o seu sexo. Para unha mellor comprensión deberíase engadir un novo parágrafo ó artigo 28, dividindo o terceiro en dous apartados independentes. En canto as condicións de baño débese determinar ata que anos en baños libres debe ir un neno so ou acompañado dun adulto, así como engadir un novo parágrafo onde se advirta da necesidade de comunicar ó socorrista que non se sabe nadar. Comparte o dito polo Concelleiro D. Benigno Galego Castro sobre a necesidade de poñer unha sanción económica ás faltas graves ata o máximo posible debéndose recoller que poderá conlevar aparelhada a expulsión definitiva das instalacións e a perda da condición de abonado. Non entende porque se prohíbe o uso do teléfono móbil.

A Alcaldesa afirma que en relación os obxectos abandonados e subtraídos na piscina o concello non pode facerse responsable de todo e ve complicado impoñer o sistema de acceso controlado e vixiado do que ten cada bolsa e pensa que é boa opción poñer as taquillas pero indica que é difícil a súa situación dado o escaso espazo dispoñible.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro, anuncia a súa intención de absterse na votación e anuncia que non quere retrasar a tramitación do regulamento, indicando que vai a asesorarse no tema dos obxectos perdidos, abandonados e subtraídos na piscina e que ve difícil e complicado o sistema proposto polo Concelleiro D. Roberto O. López López.

9.-PROPOSTA PARA A APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN E SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO. Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Tramitado o expediente para a imposición e ordenación da taxa por prestación de servizos de dirección e inspección de obras, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo: **PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente a imposición da taxa pola prestación do servizo de dirección e inspección de obras e a Ordenanza fiscal reguladora desta nos termos en que figura no anexo deste acordo. **SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición deste no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que consideren oportunas. **TERCEIRO.** Considerar, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, sobre a base do artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. **ANEXO: ORDENANZA REGULADORA DA TASA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DE OBRAS REALIZADAS POLOS TÉCNICOS COMPETENTES Art. 1.-FUNDAMENTOS E NATUREZA.** O Concello de Cerdido no uso das facultades conferidas polos arts. 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, de Bases de Réxime Local, e de conformidade co que dispoñen os arts. 57 e 20 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece a Taxa por Prestación de Servizos, Inspección e Dirección de Obras e de coordinación de seguridade e hixiene que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal. **Art. 2.-FEITO IMPONIBLE.** Feito impoñible está constituído polos servizos de recepción obrigatoria, de vixilancia, inspección, dirección de obras e coordinación de seguridade e hixiene no traballo, prestados polos técnicos designados polo Concello legalmente capacitados para asumir a dirección ou inspección das obras. A obrigaón de contribuír con esta Taxa nace coa prestación dos servizos citados e no momento no que os técnicos competentes designados para a dirección da obras presten a súa conformidade

ás correspondentes certificacións de obra. **Art. 3.–SUXEITOS PASIVOS.** Estarán obrigados ó pago da Taxa que se regula nesa Ordenanza as persoas físicas ou xurídicas adxudicatarias o que executen as obras municipais no que se preste o servizo establecido no artigo 2 desta ordenanza. **Art. 4.–RESPONSABLES.** Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os arts. 38.1 e 39 de la Lei xeral Tributaria. Serán responsables subsidiarios os administradores das persoas xurídicas, síndicos, os interventores o liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeneral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 de la Lei Xeral Tributaria. **Art. 5.–BASE IMPONIBLE.**A Base para a determinación da Taxa estará constituída polo importe da execución material da obra, que será o presuposto de execución material (PEM), segun o proxecto o memoria valorada aprobado polo Concello incluíndo no caso que sexa necesario, a revisión de prezos e as adquisicións e subministros establecidos nos proxectos. **Art. 6.–TIPOS DE GRAVAMEN E CUOTA TRIBUTARIA.** O tipo de gravame a aplicar estará en función da base imponible segundo o seguinte cadro.

Dirección e inspeccionan de obra	3 % do presuposto de execución material
Coordinación de seguridade e saúde	1 % do presuposto de execución material

O importe desta Taxa se considera implicitamente comprendida no beneficio industrial dentro do elemento do custo e concepto de gastos xerais no suposto de que a taxa de honorarios non figure xa determinada no proxecto e en cada certificación como partida independente. **Art. 7.–EXENCIONS E BONIFICACIÓNS.** Dada a natureza deste tributo non se recoñece exención algunha. A liquidación desta Taxa gozará das bonificacións que legalmente se establezan. **Art. 8.–DEVENGO E OBLIGACIÓN DE CONTRIBUIR.** Devéngase esta taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento no que a Administración Municipal designa ó técnico competente para dirixir, vixiar e inspeccionar as obras, cuxo devengo se irá materializando a medida que se executa a obra e se certifica polo técnico. **Art. 9.–XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO DA TASA.** A liquidación desta Taxa estará a cargo da Oficina Técnica correspondinte e se practicarás en cada certificación de obra que se someta á aprobación dos órganos competentes do Concello. O acto do acordo de aprobación da certificación de obra comprenderá tamén a aprobación da taxa por honorarios dos profesionais intervenientes pola prestación del servizo, e proceder o pago da certificación, se practicarás a correspondinte retención da Taxa que teá ingreso na contabilidade presupostaria ou nas correspondentes contas para a adecuada e posterior aplicación definitiva. Cando se trate de obras dirixidas e inspeccionadas polos técnicos funcionarios ou contratados en réxime de Dereito Laboral, sen dereito o percibo de honorarios, o importe da taxa de honorarios ingresarase no Presuposto Municipal, no suposto de que os técnicos a quen o Concello encomendara a dirección e inspección das obras no sexan emproades da mesma, se procederá o pago dos técnicos dos importes correspondentes, con retención, a súa vez, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, na forma prevista regulamentariamente no suposto que corresponda. **Art. 10.–INFRACCIONS E SANCIÓNNS.** En todo o relativo a certificación de infraccións tributarias, así como das sanciónns que a as mesmas correspondan en cada caso, se estará o disposto nos arts. 178 e seguintes da Lei 58/2003 do 17 de Decembro, Xeral Tributaria e así normativa de desenvolvemento. **DISPOSICIÓN FINAL.** A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno do concello en sesión do día e entrará en vigor unha vez publicada o seu texto integro no BOP e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación. Cerdido, 13 de xuño de 2011. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno asistentes, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior.** Seis votos a favor dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao e Don Roberto O. López López o voto da Sra. Alcaldesa e tres abstencións dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña e Don Cándido Eusebio Prieto Lago.

A **Alcaldesa** afirma que se trata dunha ordenanza para pagar a dirección de obra, que esta dentro do prezo do contrato

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro pregunta como se facía ata agora e se é obrigatorio para as empresas acollerse o técnico designado polo Concello e se con esta porcentaxe se cubren os gastos dos honorarios do técnico incluído o IVA.

A Alcaldesa afirma que os honorarios das obras do Plan E, as pagou o concello e que o POS as empresas e que é obrigatorio para o contratista, o técnico asignado polo concello e o que se cobra e para pagar a dirección de obras.

10.-PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2010. Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Unha vez tramitado o expediente da Conta Xeral de 2010, informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do día vinte e nove de abril de 2011 e rematado o prazo de exposición ó público iniciado coa publicación do anuncio no BOP do día doce de maio de 2011, e considerando aplicable a seguinte lexislación: 1.- Artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cómpre someter ó pleno a seguinte proposta:**Primeiro.-** Aprobala Conta Xeral de 2010 que figura na documentación do expediente e que comprende o Balance, conta de resultado económico patrimonial, estado de liquidación presupostaria e memoria así como anexos da conta, as actas de arqueo das existencia en caixa e certificacións das entidades bancarias. **Segundo.-**Remitirlle un exemplar da Conta Xeral ó Consello de Contas de Galicia. Cerdido, 5 de xullo de 2011. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero.**Os membros do Pleno asistentes, en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior.** Cincos votos a favor dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Dona María José López Lamigueiro, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmoris Aldao e o voto da Sra. Alcaldesa e catro abstencións dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto O. López López.

11.-DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE 1/2011 Ó ABEIRO DO DISPOSTO NO ARTIGO 4 DA LEI 15/2010 DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS. Por parte da Secretaria deuse lectura o informe 1/2011 de morosidade que se transcribe a continuación: Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pagamento de obrigas. I.- **NORMATIVA APLICABLE.-**Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo.-Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais -Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. **II.- CONSIDERACIÓNS.** En aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º. 3 e 5º. 4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento das obrigas, que se concretan no art.1º.3 e o art.º 3º. 3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:
O prazo ao que se refire o art.º 4º. 3 da Lei 15/2010 é o establecido no art.º 3º. 3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, determinando que: “Entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.”

III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS: Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 1/1/2011 e 31/03/2011 (primeiro trimestre do 2011) se obtén a seguinte información). **Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre**

Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	19,26	59,57	45	32181,44	7	3351,74
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos	19,26	59,57	45	32181,44	7	3351,74
20- Arrendamentos e Canons	0	0	0	0	0	0
21- Reparación, Mantemento e conservación	29,56	0	9	4253,36	0	0
22- Material, Subministro e Outros	17,86	59,57	36	27928,08	7	3351,74
23- Indemnización por razón do servizo	0	0	0	0	0	0
24- Gasto de Publicacións	0	0	0	0	0	0
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0	0	0	0	0	0
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0	0	0	0	0	0
2 - Sen desagregar	0	0	0	0	0	0
Pendientes de aplicar a presuposto						
Inversións reais						
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	28	55	1	430,00	1	2351,14
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0
Outros Pagos realizados por operacións comerciais						
Aplicados a presuposto	0	0	0	0	0	0
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0
Sin desagregar						
Aplicados a presuposto	0	0	0	0	0	0
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0
Total	19,89	57,69	46	32611,44	8	5702,88

b) Intereses de demora pagados no período

Pagos realizados no trimestre	Intereses de demora pagados no período	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Correntes en Bens e Servizos	0	0
Inversións reais	0	0
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0
Sin desagregar		
Total	0	0

Que respecto á información relativa ao número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes:

a) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre. (art.º 4º. 3 Lei 15/2010)

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre	Período medio do pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio do pendente de pago excedido (PMPPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal pago ó final do trimestre		Fora do período legal pago ó final do trimestre	
			Número de operacións	de Importe total	Número de operacións	de Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	6,74	0	19	11921,74	0	0
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos						
20- Arrendamentos e Canons						
21- Reparación, Mantemento e conservación	13	0	1	1738,68	0	0
22- Material, Subministro e Outros	5,67	0	18	10183,06	0	0
23- Indemnización por razón do servizo						
24- Gasto de Publicacións						
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro						
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas						
2 - Sen desagregar						
Inversións reais						
Outros Pagos realizados por operacións comerciais						
Sin desagregar						
Total	6,739	0	19	11921,74	0	0

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (art.º 5º. 4 Lei 15/2010):

Facturas ou docum. Xustificativos ó final do trimestre con máis de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes de recoñecemento da obriga (Art. 5.4 Lei 4/2010)	Período medio operacións pendentes reconocim. (PMOPR)	Pendente de recoñecemento obriga	
		Número	Importe total
Gastos Correntes en Bens e Servizos			
Inversións reais			
Outros Pagos realizados por operacións comerciais			
Sin desagregar			
Total		0	0

III.- CONCLUSIÓN. É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia. Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art.º 5º. 4 da Lei 15/2010. Cerdido, a vinte e nove de xuño de 2011. O Tesoureiro. A Secretaria
- Interventora. Asdo. Daniel Rodríguez Fraguela. Asdo Paula Díaz Tie. Os membros do Pleno déronse por informados.

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago, pregunta sobre a factura que aparece de investimento e si se lle debe algo a Fenosa.

A Alcaldesa afirma que esa factura corresponde os gastos de redacción de proxecto da nave de Os Casas e que algo se lle debe a Fenosa do tempo de Klaus.

E, non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levantou a sesión sendo as vintedous horas e cinco minutos do día once de xullo de dous mil once. Do que eu, como Secretaria dou fe:

A Secretaria

A Alcaldesa

Asdo. Paula Díaz Tie

Asdo. Ana Rodríguez Montero